

A FADA E A PRINCESA

Había unha vez unha fada que vivía coa súa mamá nunha casa seta.

Un día saíu a pasear. Pero como era tan pequeniña, tan pequeniña e quería facer paseos longos, perdeuse. Entón viu a unhas persoas grandes e tivo medo...

Meteuse debaixo dunha pedra para esconderse; estaba moi asustada, porque case pisan a pedra e, se pisaban a pedra, pisaríana a ela.

Pasou toda a noite buscando a súa casa e, buscando, buscando, encontrou un camiño que a levaba a dúas montañas que tiña que subir (pero como era fada e podía voar, subiunas rapidísimo); tivo que trepar por unhas rochas; pasar por unha ponte, cruzar un pantano,... ata que chegou a un castelo.

Petou moi forte na porta e abriulle unha princesiña... A fada díxolle:

- Princesiña, podes axudarme?

- Claro - contestou a princesiña.

- Non sei onde estou, eu vivo nunha setiña coa miña mamá, pero onte perdinme cando saín a pasear.

- A túa mamá é fada tamén?

- Sí - respondeu a fada case chorando.

A princesiña díxolle:

- Non chores, pasa ao meu castelo que che teño unha sorpresa.

E cal era a sorpresa?, pois que a súa mamá estaba alí, porque a estivera buscando toda a noite e acabara tan cansa que tamén petara na porta do castelo e a princesiña deixáraa pasar a descansar.

A fada púxose moi contenta e deulle un gran abrazo á súa mamá decíndolle á mesma vez:

- Mamá pasei tanto medo, que xa aprendín a lección...

E, dende aquel día, nunca máis volveu saír de paseo ela sola por donde non coñecía.

FIN



